


MUIÑOS DE AUGA DA PARROQUIA DE ATIOS

*Por Alumnos de Oitavo do Colexio Público de Atios


Nos lugares da Torre, Castro, Galegos, Carbón e As Insuas da parroquia de Atios, nas proximidades do grupo de montes que van dende o Castelo de Cans ó Faro de Budiño, na parte baixa da ladeira oeste que se corresponde coa nosa parroquia, atopamos un total de vintetrés muíños de canle de auga con dúas tipoloxías ben diferenciadas: muíños de canle e muíños de cubo ou pozo.

ladeira ó leste dos lugares da Torre e do Castro. Esta canle, que alimentaba a tódolos mecanismos dos muíños, está construído con grandes lousas de perpiñaño de certa regularidade cunha sección en V, froito de incrustar dúas “pastas” de granito na terra de forma inclinada. Uns metros antes da entrada ó muíño a canle cambia a sección a forma de U, estreitándose tamén








1. MUIÑOS DE CANLE

A meirande parte deles atópanse nunha canle de auga que procede da Presa do Monte, situada a media



Á esquerda:
1. Muíños de canle de auga da Presa do Monte.
2. Muíño de Galegos.
3. Muíño do Carbón.
4. Muíño das Insuas.
Á dereita:
Muíños do canle da Presa do Monte.

para que a auga na súa caída alimente con máis presión o mecanismo de rotación. A auga desta canle era utilizada tamén para rega-los campos dos veciños. A canalización aproveita o forte desnivel para adquirir forza e presión, o que permitía a presenza de vinte muíños situados sucesivamente nun tramo relativamente curto de aproximadamente dous ou tres quilómetros. Deles consérvanse en bo estado, funcionando tódolos mecanismos e moendo, os de Carme do Xastre, a Torre, a Rifana e o Castro. Conservan



Nas tres ilustracións superiores: Muíño de Galegos (planta do tremiñado, planta do inferno e sección lonxitudinal). Nas tres ilustracións inferiores: Muíño da Torre, Muíño da Rifana e Muíño A Coutada. Na foto de abaixo o Muíño da Rifana: vista da porta, pousadoiro e saída da auga.


ben a estrutura e algunhas das pezas dos mecanismos de moer os do Colmazo, Castiñeira e Cabiño. doutros só se conservan os muros (máis ou menos arruinados) e algunha peza do mecanismo, fundamentalmente o pé. Nesta situación atopamos os de Carme do Xastre (vello), Barete, Baroca de Abaixo, Baroca de Arriba, A Coutada, Novo de Abaixo, Vento e Salgueiro. Só quedan restos do da Laxe, do muíño de Pepe, do Novo de Arriba e do Cabo. Desapareceu totalmente o muíño de Pedra Loureira.

1.1. A construción

Tódolos muíños presentan unha similar construción de planta rectangular de certa irregularidade (arredor de 2,60 x 3,70 m. no interior). Os muros están executados en cachotería de pouca cualidade, con grandes pezas de perpiaño combinadas con outras máis pequenas. Os cachotes máis regulares sitúanse nos ángulos da construción, sendo o ancho dos muros considerable (entre 50 e 70 cms.). Nalgúns casos aproveitase para ergue-los muros ou a cimentación a presenza de penedos graníticos nas inmediacións, como sucede no muíño da Torre, onde unha das paredes laterais está constituída polo extremo dun penedo. Tódalas edificacións presentan dous andares. No

superior, chamado tremiñado, sitúase o mecanismo de trituración e no soto (inferno) atópase o rodicio ou reducio. No muro só se abren dous grandes vans mediante a utilización dunha grande lousa horizontal a modo de lintel que é sustentada por dous grandes bloques de perpiaño. Un van corresponde á porta de acceso e o outro á saída de auga do inferno. Para ilumina-lo interior ábrese un ou dous pequenos fachelos. Nalgúns casos modificouse a estrutura da edificación ó facer a reparación do muíño, trocándose totalmente o muro de cachotería por un construído con ladrillo (muíño de Carme do Xastre). Noutros utilizouse





Á esquerda enriba: Muíño da Baroca de Abaixo, ó fondo o do Castro. Á esquerda debaixo: Detalle de moa abandonada. Á dereita: Mecanismos de trituración do muíño, em primeiro término a cruz.


o ladrillo para restaurar parte dos muros (Cabiño). Algúns presentan certas reparacións nas que se empregaron lousas de perpiaño regulares, mentres que noutras ocasións utilizouse o cemento nas xunturas. Só dous muíños (Rifana e Castro) presentan pousadoiro, lousa horizontal e saínte situada no fronte principal do muíño, ó lado da porta de acceso que servía para deixalo saco de fariña ou grao mentres se pechaba ou abría a porta. Na meirande parte dos casos a porta sitúase nun dos fronts, entrando e saíndo a auga polo lado lateral, máis ancho, agás dos muíños da Torre e do Colmazo no que a porta e a entrada da canle de auga, emprázanse no mesmo lado.

No tipo de cuberta atopamos dúas variedades, posto que algúns presentan tellado a dúas augas e outros a unha. O tellado construíase con armadura de madeira sobre a que se colocaba tella árabe ("do país"). Conservan a estrutura tradicional con armadura e tella os muíños da Torre, Rifana e Castro. Nun grande número de casos perderon a cuberta. Noutros foi substituída a armadura de madeira por outra executada con vigas, ladrillo e lucido de cemento superior, desaparecendo tamén a tella (muíño de Carme do Xastre, do Colmazo e do Cabiño). En dous casos empregáronse grandes "pastas" de perpiaño na cuberta.

As lousas de granito apoian directamente sobre o muro, de lado a lado, sen ningún tipo de armadura (muíño da Baroca de Arriba e Castiñeira).


1.2. Os mecanismos de moer.

O mecanismo de moer sitúase na planta superior



Partes do Muíño:

1. Moega (nesta zona: adella).
2. Adella (queulla).
3. Cadelo (tenxedeiro).
4. Moa (mo).
5. Ollo da moa.
6. Segorella.
7. Vara (beo, varón, levatón, touzo do rodicio).
8. Vara.
9. Reducio (rodicio).
10. Grilo.
11. Ra (aguillón, ovo, cuncha).
12. Mesa.
13. Cruz (aliviadoiro, volante, tempero).
14. Canle de auga.
15. Cruz.
16. Sección do tremiñado.
17. Sección do inferno.
18. Pé.



ou tremiñado. Está composto por unha pedra de granito circular (pé) dun metro ou 110 cms. de diámetro. O pé (40 cms. de altura) está incrustado no piso do tremiñado e polo tanto permanece inmóbil. Presenta un burato circular no seu centro que se continúa no piso polo que penetra a vara (de ferro) que sobe do rodicio para unirse á moa, facendo que esta se mova. A moa é tamén unha pedra circular de granito duns dez ou doce centímetros de grosor e diámetro igual ó do pé cunha abertura



Saída de auga do muíño. Na foto da dereita: Muíño do castro.

circular (ollo) no seu centro pola que entra o grao. Este, aprisionado entre o pé e a moa, queda triturado polo movemento de rotación da última, saíndo ó exterior pola xuntura destas dúas pezas. A fariña cae no chan, polo que o mecanismo de moer está encadrado nunha superficie totalmente lisa, cunha parede de ladrillo (normalmente de 30 cms. de alto) pegada ou moi próxima ó muro. Esta disposición a modo de grande caixón aberto por un dos seus lados, illaba a fariña dos muros e permitía recollela do chan sen ningunha

impureza. Este piso e a súa pequena parede vertical debeu ser en tempos de pedra moi lisa coas xunturas moi traballadas ou de madeira, sendo substituída por unha parede delgada de ladrillo e lucido de cemento no chan en tódolos muíños que aínda funcionan. A zona de moer do tremiñado está sempre elevada sobre o chan. Ás veces ten unha altura mínima, noutros caso rolda os 20 cms. O resto do piso, na parte próxima a porta é de pedra tosca ou de terra.

Como complemento dos mecanismos de rotación e trituración e para regula-la caída do grao no muíño existe unha caixa de madeira de forma de pirámide invertida (moega) cunha abertura na súa parte inferior. O grao pasa por esta abertura e cae na adella (nesta zona este nome xeralízase a todo o conxunto: moega e



adella), canal alongado en forma de V cun extremo situado directamente sobre o olló da moa. A través do olló, o grao penetra na xuntura do pé e da moa, saíndo ó exterior pola propia forza centrífuga do movemento de rotación. Da adella parte un elemento de madeira chamado nesta parroquia cadelo (noutros lugares: tenxedoiro) que roza a parte superior da moa, provocando unha axitación constante da moega que facilita a caída do grao. A moega está sustentada da armadura de madeira do teito por medio duns arames. Na fronte situada cara ó olló da moa e na parte inferior presenta un mecanismo de madeira que permite abrir ou pechar a abertura inferior e regula-la constante caída de grao na adella.

O mecanismo de rotación, situado no soto ou inferno, está composto nos casos que se conservan por unha roda de ferro chamada rodicio (reducio nesta zona) con aspas radiais (penas) con forma de culler que se sitúan a modo de coroa circular exterior. Nelas pega con forza a auga da canle provocando o xiro do reducio. O movemento trasládase á moa a través dun eixe (vara) que atravesa o centro do pé, permanecendo este último sempre inmóbil. O enlace da vara coa parte inferior da

moa faise cunha peza de ferro (segorella ou soborella) incrustada no centro da propia moa. A vara, na parte máis próxima ó rodicio, é ancha e de madeira, enlazándose por medio dunha ou dúas argolas cunha vara ou eixe máis delgado de ferro (beo) antes de chegar ó pé. O reducio remata na súa parte inferior no grilo, parte delgada e puntiaguda. Para que poida xiralo rodicio o grilo ten que descansar sobre a ra, concavidade de pedra ou de ferro situada enriba da mesa (peza lonxitudinal de madeira). Esta peza está apoiada nunha concavidade aberta no muro, estando enlazada no extremo contrario por un pao (cruz) vertical que chega ó piso do tremiñado, dende onde se controla todo o mecanismo. A cruz e a mesa actúan como panca. Ó ergue-la cruz a mesa aproxímase ó rodicio, facendo descansar o grilo ou agulla sobre a ra o que provoca que o muíño comece a funcionar.

A alimentación con auga a presión do reducio faise por medio dunha canle que penetra no inferno dende a levada, situándose sempre o muíño a un nivel inferior. A auga penetra no inferno con grande forza dende unha altura de un ou dous metros a través dunha canle moi inclinada formada por lousas de perpiaño alongadas separadas uns vinte centímetros e outra que fai de base. O saír do inferno, a auga retoma a canle (máis ancha) ata chegar a outro muíño, no que se efectúa a mesma operación. Deste xeito os vinte muíños que se situaban nesta levada, alimentábanse da mesma auga.



Soamente atopamos na parroquia de Atios un muíño de canle situado fóra desta conduction. Emprázase no lugar do Carbón, alimentándose da auga procedente do regato da Presa de Ventosa. Na parte construtiva amosa as mesmas características que os citados anteriormente, aínda que perdeu tódolos mecanismos de rotación e trituración. A cuberta foi totalmente reparada, presentando na actualidade tella plana.

Muíño de Carme do Xastre (vello). Na foto de abaixo: Muíño da Coutada e Novo de Abaixo.

2. MUÍÑOS DE POZO OU CUBO

Desta tipoloxía atopamos na parroquia de Atios





dous muíños. Un deles, coñecido como muíño de Gumersindo, foi construído nos anos cincuenta no lugar das Insuas, empregando ladrillo en toda a


edificación. O propio cubo, de sección cadrada, estaba tamén construído con este material. Na actualidade está abandonado.

*Na foto superior:
Muíño de Galegos.*

*Na foto inferior:
Detalle da canle aérea do Muíño de Galegos.*



O muíño que mellor representa esta tipoloxía na parroquia de Atios é o de Galegos. A construción, de planta rectangular, segue as mesmas características dos citados anteriormente. Como diferenza presenta unha conducción de auga aérea que provén dunha levada que percorre a maior altura as veigas próximas. dende esta canle aérea a auga cae nun pozo ou cubo feito de aros de perpiaño toscamente tallados. Este cubo era un recurso que se utilizaba nos muíños nos que o caudal de auga non era abundante, buscándose con esta construción pegada a un dos laterais do muíño unha grande caída vertical que aumentase a presión da auga para provoca-lo movemento do reducio. O pozo de sección circular (un metro de diámetro no exterior) ten a altura correspondente ó espazo situado entre o tellado e o inferno. No seu remate inferior presenta un estreitamento que conclúe nunha canle moi angosta co fin de que a auga pegue con moita forza nas penas do reducio. O resto dos mecanismos de moer son similares ós muíños anteriormente citados, agás da cruz que é metálica. A superficie do chan da zona de moer é de granito, preservándose do contacto co muro de cachotería mediante unhas grandes lousas de perpiaño. Todo este espazo está moi elevado do resto do piso,



accedéndose a el mediante un grande escalón de granito. A cuberta (a unha auga) foi restaurada en época recente, alterando o seu sabor tradicional, xa que a armadura de madeira foi substituída por unha placa de cemento sobre bovedillas de ladrillo.

3. A UTILIZACION DOS MUIÑOS

Desta serie de muíños permanecen prestando o seu tradicioanl servicio o de Carne do Xastre, Torre, Rifana, Castro e Galegos. Na actualidade moen millo para alimenta-lo gando, aínda que en tempos moeron tamén trigo, cebada e centeo. A presenza de aparatos eléctricos e a perda da tradición de elaborar pan de millo, favoreceron o abandono de moitos deles, sobre todo daqueles que se sitúan en pleno monte, na parte máis próxima á Presa do Monte.

Os muíños pertencían a unha familia ou a un grupo de veciños que regulaban a súa utilización por medio de quendas. Cando eran dunha familia, a primitiva propietaria foi transmitindo por herdanza as quendas de utilización entre os seus descendentes, que a súa vez as seguiron partindo ou transmitindo entre os membros da xeración seguinte. O tempo que lle correspondía a cada veciño cambiaba en grande maneira segundo os casos, pasando dunhas horas pola mañá, tarde ou noite a varios días consecutivos. As quendas tamén se vendí-



Na foto superior: Detalle do redicio ou rodicio do Muíño do Cabiño. Na ilustración inferior: Muíño de Carne do Xastre.

an, como sinalan algúns documentos da época. Noutros casos, os veciños ían a moer pagando un alugamento ó propietario da quenda, normalmente por medio dunha porcentaxe da fariña moída. As reparacións custeábanse en partes proporcionais ás horas das que dispuña cada veciño para moer. destas reparacións ocupábase en tempos un veciño especializado neste artesanal traballo.